

# 3 DE OUTUBRO

domingo

## #NonÁEstafaDaLuz

**A**NTE a escalada imparábel do prezo da luz, e ante impunidade na que actúan as eléctricas e o nulo papel que tanto o Goberno galego como o español están a ter para frear a suba da factura, desde a CIG convocamos mobilizacións nas cidades e vilas do país o próximo 19 de setembro.

Facémolo coa lexitimidade e autoridade que nos dan as múltiples propostas e iniciativas que desde a CIG levamos anos facendo, como a ILP por unha tarifa eléctrica galega, a ILP pola recuperación das centrais hidroeléctricas (rexeitadas ambas polo PP no Parlamento Galego), a proposta de solución para a industria electrointensiva, ou as nosas achegas na tramitación da Lei de Cambio Climático e transición enerxética, etc...

Esta estafa da luz ten lugar cando Galiza se atopa diante dun novo proceso de colonización enerxética a

través dos macroparques eólicos que ameazan os nosos montes e terras, despois de que no franquismo se destruíran ríos e terras produtivas, mentres se mantén a moita xente na pobreza enerxética e comarcas enteiras da Galiza camiño da desertización social e industrial, sen plans alternativos.

Desde a CIG demandamos solucións xa! Nin o goberno da Xunta de Feixó, nin o goberno do Estado de PSOE e Unidas Podemos están a dar resposta, cando, cada un desde o ámbito das súas competencias, poderían tomar medidas como as que desde a CIG levamos anos propoñendo, que significarían, de haber vontade política, garantir uns prezos xustos da enerxía, dado que non é un ben de consumo calquera, senón que é un ben de primeira necesidade.

## 8 medidas que a CIG propón e que garantirían o acceso á electricidade con prezos xustos:

1. Recoñecemento da enerxía como dereito fundamental, aprobando políticas públicas de intervención no sector eléctrico para garantir o acceso á electricidade ao conxunto do pobo en condicións asumíbeis.
2. Reversión ao público das centrais hidroeléctricas que rematen a concesión.
3. Creación dunha Empresa Pública Galega de Electricidade que xestione as centrais hidroeléctricas e as participacións noutras empresas eléctricas.
4. Fiscalización das concesións hidroeléctricas en vigor, para garantir que a enerxía reservada ás Administracións se destina a baixar o prezo da luz.
5. Modificación do sistema tarifario, limpando a factura de peaxes que non teñan relación directa co funcionamento do sistema eléctrico.
6. Retirada das centrais hidráulicas e nucleares do pool do mercado maiorista para fixar o prezo da electricidade.
7. Modificación transitoria dos impostos que están presentes na tarifa eléctrica, aplicando o tipo mínimo do IVE (4%), e eliminando do imposto á xeración (7%) que as empresas repercuten nas persoas consumidoras.
8. Implantación da Tarifa Eléctrica Galega, unha tarifa máis baixa na Galiza, empezando por unha redución do 30% das peaxes do sistema eléctrico, por ser Galiza produtora excedentaria de enerxía.

**Pola garantía no acceso e un prezo xusto da enerxía eléctrica, recuperación das centrais hidroeléctricas e Tarifa Eléctrica Galega!**



# 3 DE OUTUBRO

domingo

## #NonÁEstafaDaLuz

### QUEIMA PÚBLICA <sup>de</sup> FACTURAS

#### Lugares e horas

- A CORUÑA. 11:30h. Obelisco
- CEE. 11:30h. diante do Concello
- CARBALLO. 11:30h. diante do Concello
- BETANZOS. 11:30h. Praza García Irmáns
- SANTIAGO. 11:30h. Praza Roxa
- RIBEIRA. 11:30h. Praza do Concello
- PONTEVEDRA. 12:00h. Praza da Peregrina
- VILAGARCÍA. 12:00h. Praza de Galiza
- A ESTRADA. 12:00h. Praza do Mercado
- LALÍN. 12:00h. Praza da Igrexa
- FERROL. 12:00h. Cantón
- AS PONTES. 12:00h. Praza do Hospital
- LUGO. 12:00h. Subdelegación do Goberno
- MONFORTE. 12:00h. diante do Concello
- FOZ. 12:00h. diante da Delegación de Facenda
- SARRIA. 12:00h. Praza da Vila
- VILALBA. 12:00h. Praza da Constitución
- OURENSE. 12h Praza do Ferro
- VERÍN. 12:00h. Praza do Concello
- O BARCO. 12:00h. Praza do Concello
- VIGO. 12:00h. Farola de Urzaiz
- O PORRIÑO. 12:00h. Praza do Concello
- A GUARDA. 12:00h. Praza Avelino Vicente (As de Copas)
- CANGAS. 12h Praza do Concello



### #Tarifa Eléctrica Galega



Confederación Intersindical Galega

[www.cig.gal](http://www.cig.gal)